Durante os días 22 e 23 de abril, a aula CeMIT de Verín acollerá a realización do obradoiro 'Creando unha web autoxestionable para a vosa cooperativa', enmarcado dentro do programa de actuación 2015 da Rede Eusumo.

Este obradoiro destinado a creación de páxinas web e blogs mediante o software libre WordPress ten como obxectivos mellorar a comunicación da súa cooperativa e aumentar a súa visibilidade, ordenar a identidade gráfica da cooperativa, homoxeneidade na representación visual da cooperativa, actualizar a imaxe, crear ou mellorar o posicionamento da cooperativa e abrir novos canles de comunicación a través de internet.

O mesmo está dirixido a todas aquelas persoas interesadas en coñecer as diferentes estratexias, técnicas e ferramentas web 2.0. para mellorar a súa comunicación e aumentar a súa visibilidade. Este obradoiro está articulado en dúas sesións, de tres horas cada unha, nas que se abordará a creación de blogs e webs autoeditables e autoxestionables (conceptos básicos, wordpress.com e wordpress.org, instalación, xeración de contido, instalación e uso de plugins).

Para participar no obradoiro 'Creando unha web autoxestionable para a vosa cooperativa', de carácter gratuíto, é necesario inscribirse antes do 21 de abril no teléfono 981-558008 ou en info@eusumo.coop (facilitando nome, DNI, teléfono e correo electrónico).

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración cofinanciada polo Fondo Social Europeo e impulsada pola D.X. de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar para o fomento do cooperativismo e a economía social.